

# ÉRASE UNHA VEZ UN CONTO DO REVÉS

## INTRODUCCIÓN PARA AS FAMILIAS.

Os xogos, xoguetes e contos son instrumentos que socializan, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un mundo máxico e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación.

Todos estes elementos inflúen profundamente na construción da personalidade e identidade das persoas nas súas primeiras etapas de vida. Por iso, debemos ser conscientes do importante papel que desempeñan os xogos, xoguetes e contos no desenvolvemento das nenas e nenos.

Con esta actividade pretendemos que se den conta dos valores sexistas que aparecen moitas veces nos contos. Polo que, partindo dun conto clásico eliminarán eses valores sexistas redefinindo os papeis de homes e mulleres, as personaxes, as historias, etc., dende unha perspectiva crítica e fomentando a igualdade de xénero.

## EXPLICACIÓN DA ACTIVIDADE.

Na maioría dos contos clásicos poñen aos homes en papeis de heroes, valentes, fortes, poderosos e salvadores e ás mulleres en papeis de princesas que esperan ser salvadas polo príncipe, débiles, preocupadas pola aparencia e búsqueda do amor.

Elixo un conto clásico e reinvéntao. Crea un conto onde haxa igualdade entre homes e mulleres, eliminando roles sexistas, redefinindo as personalidades das personaxes, a súa forma de vida, os seus valores e os seus obxectivos na historia.

Tamén podes facer debuxos para ilustrar o conto.

Os 3 contos clásicos que podes escoller para facer o teu, son estes:

- ❖ **Brancaneves e os sete ananos**
- ❖ **Cincenta**
- ❖ **Carapuchiña Vermella**

**Bótalle imaxinación e crea un conto único!**